

Estilo conversacional de pandilla

Noemí Giráldez Pérez
Universidade de Vigo
noemigiper@gmail.com

Resumo

O presente traballo consiste nunha reflexión sobre o estilo conversacional de pandilla trala recollida e posterior análise interpretativa dunha serie de conversas orais prototípicas inseridas dentro dun ambiente xuvenil, máis concretamente dentro do círculo de amizades dun mozo, con distintos niveis de confianza entre o resto de interlocutores, e cunha presenza menor de mulleres que de homes. Falaremos de como se constrúen as identidades discursivas, como se desenvolven os temas tratados, o estilo empregado e os roles que adoptaron os participantes dentro do grupo. Así mesmo, tamén repararemos no proceso de negociación das identidades de xénero e idade. Os obxectivos deste traballo son, en primeiro lugar, identificar as características deste estilo conversacional. En segundo lugar, analizar as especificidades da fala xuvenil respecto da fala coloquial xeral. Outra meta será fundamentar algunhas teorías emerxentes sobre os novos roles discursivos da muller. Por último, cuestionar a relevancia que acada o léxico dentro da fala xuvenil.

Palabras clave: análise interaccional, fala coloquial, fala de mulleres, fala de homes, xenerolecto híbrido

1. Introducción

Para aproximarme ó estilo conversacional de pandilla considere apropiado facer primeiro unha revisión das características do estilo coloquial e a linguaxe xuvenil, ademais de repasar as principais teorías sobre os patróns de fala estereotipicamente femininos e masculinos. Para todo isto, tamén é preciso lembrar nocións básicas da pragmática discursiva.

A sociolingüística é unha ciencia multidisciplinar que estuda o emprego da lingua na súa realidade social, é dicir, dentro das comunidades de fala (por exemplo, unha pandilla). De entre todas as teorías que configuran este campo de estudo, nós abordaremos esta análise dende a microsociolingüística, que segundo Grimshaw (1987, citado en Briz Gómez, 1998), debe dar conta de situacións reais cun reducido número de participantes nun período de tempo curto e nun espazo reducido. Estas manifestacións individuais e sociais das linguas son o obxecto de estudo da sociolingüística interaccional (denominación de Gumperz, 1982), que aproveita elementos da pragmática, da análise conversacional e da análise do discurso.

Segundo Dell Hymes (1974, citado en Calsamiglia Blancafort e Tusón Valls, 1999), todo acontecemento comunicativo baséase nun grupo de interlocutores que participan nunha interacción, situados dentro dun contexto, producindo enunciados acordes ó seu xénero, no estilo que require a situación, para chegar ó fin pretendido, respectando as normas interaccionais que aseguran un correcto desenvolvemento.

É Gumperz quen, empregando o concepto das formas de fala acuñado por Dell Hymes, propón unha perspectiva interpretativo-interaccional. Os falantes non estamos condicionados por variables externas coma o sexo ou a idade, senón que en cada interacción construímos

negociadamente, é dicir, interaccionalmente, o que Gumperz denominou identidades conversacionais, a través dos chamados estilos conversacionais, termo acuñado polo mesmo autor. Deste modo, os analistas poden reconstruír o traballo conversacional que os falantes levaron a cabo no momento de falar, a través da análise dos indicios de contextualización. Estes indicios foron empregados polos falantes para dar pistas interpretativas ós seus interlocutores acerca das súas intencións comunicativas. Deste xeito, os analistas poden reconstruír o esforzo interpretativo que levaron a cabo para comunicarse entre eles.

Como xa dixemos, os falantes negocian e constrúen distintos estilos de fala. Nós analizaremos a variedade lingüística da fala xuvenil, atendendo tanto ás características propias deste segmento de idade como ó xénero dos falantes.

Para aproximarnos ó estilo conversacional de pandilla convén antes describir que entendemos por fala xuvenil. En numerosos estudos, e mesmo na escola, relaciónase con fenómenos lingüísticos como suposta baixa densidade léxica ou alto grao de redundancia. Así pois, sería unha submodalidade do rexistro coloquial, cun estilo conversacional máis agresivo, onde algunhas normas son transgredidas dun xeito consciente. Con todo, debemos ter en conta que as características da “fala das mulleres” serían opostas a esta concepción. Polo tanto, a fala xuvenil non é homoxénea.

O estudo sobre as diferenzas entre a produción discursiva de homes e mulleres comezou a desenvolverse con máis forza trala publicación de *A lingua das mulleres*, de Lakoff, en 1975. Este autor caracteriza a fala das mulleres como unha linguaxe excesivamente delicada e cortés, cunha ausencia total do humor e tendencia ó eufemismo. Outros autores, como Uchida (citado en Acuña Ferreira, 2002) reflexionaron sobre a teoría do dominio, segundo a cal as diferenzas comunicativas e lingüísticas entre ambos sexos serían o reflexo dos seus roles na sociedade, e máis sobre a teoría da diferenza, baseada na existencia de dúas subculturas e que apunta ás diferenzas no proceso de socialización de homes e mulleres.

Actualmente contamos con numerosos estudos que sinalan unha gran diverxencia entre as prácticas discursivas reais e os estilos construídos socioculturalmente. Con todo, lembremos que os roles de xénero cambian co tempo e coa cultura. Hoxe en día xa temos conceptos como cruce de xénero (Thorne, 1993) ou xenerolecto híbrido (Acuña Ferreira; Alonso Iglesias; Piñeiro Villar, 2003), para referirnos á adopción de roles discursivos prototipicamente masculinos por parte de mulleres, e viceversa.

2. Metodoloxía

Para a elaboración deste traballo empreguei unha metodoloxía cualitativa e un sistema de obtención das interaccións baseado no rol de observadora participante. En todas as conversas participan sete mozos dentro dun rango de idade de entre vinte e vinte e tres anos, ós que se lles asignou un nome ficticio para preservar a súa intimidade. Son seis homes e unha muller e todos pertencen á clase media. As mostras recolléronse durante o verán de 2014, no transcurso de dous días, na casa dun dos participantes, Manu, que aproveitou unha fin de semana para xuntar ós seus amigos. Polo tanto, pertencen a dúas pandillas distintas. Debido ó espazo que ocuparía reproducir aquí todas as análises realizadas, neste traballo consideráranse só dúas secuencias dun xeito máis específico para observar a dinámica do grupo. Nun apartado posterior, falarei máis globalmente das conclusións extraídas do cómputo xeral das interaccións.

3. Secuencia das confesións sexuais grazas a un xogo do móbil

01 María: vale espera
02 {[p]que se me ha saltado el cosito}
03 <4">
04 vale sigo
05 "yo nunca me he masturbado en el cine"
06 Tomás: no
07 Javi: nunca
08 María: "yo nunca me he masturbado
09 y no me he limpiado las manos"
[Todos os homes beben e comezan a rir]
10 Isma: e::
11 si estás durmiendo no te las vas a limpiar↑↑
12 te quedas en cama
13 Manu: en efecto
14 ..
15 María: es que ni me toques manuel
16 NI me toques
17 Javi: es verdad <rindo>
18 Isma: qué tal mari <con sorna>
19 ..
20 Tomás: ha ha
21 ..
22 María: bua tío
23 "yo nunca me he masturbado con las fotos del
facebook"
24 Javi: qué qué
25 espera QUÉ?
26 Tomás: con las fotos del facebook
[Todos os homes beben, agás Isma]
27 María: bua tíos sois muy chungos→
28 Isma: {[p]yo es que uso la imaginación}
29 Javi: a mí me pone más cachondo la::
30 la-
31 el enseñar poco
32 o sea en plan:::
33 Manu: OBVIAMENTE
34 si le veo todo a una pava me quita la emoción
35 a no ser que sea una pava súper cachonda↓
36 María: "yo nunca he realizado un beso negro o
viceversa"
37 <4">

Escollín esta secuencia polo relevante do estilo enunciativo e polo tratamento dos tabús entre os participantes. María, a única muller, é quen le o móbil e formula os enunciados. É moi común que nas noites de festa, ben en espazos públicos, ben nun espazo de reunión (coma neste caso, o salón dunha casa), se recorra a eles. Este tipo de xogos tamén é frecuente noutros países, como por exemplo en Inglaterra. Só hai que entrar nas páxinas de descargas para velos. As preguntas son as mesmas, só que na lingua pertinente. Xógase habitualmente con amigos, pero tamén con coñecidos e descoñecidos. De pronto xa non é unha conversa coloquial prototípica, agora é unha conversa organizada, un xogo no que os enunciados son sempre íntimos (neste caso teñen un carácter marcadamente sexual, pero existen outras

variantes máis escatolóxicas, mesmo con distintos niveis para escoller, dependendo da vontade dos interlocutores). O enunciado consiste nunha frase en primeira persoa afirmando algo que nunca se fixo, por exemplo “yo nunca me he masturbado en el cine” (liña 5). Se algunha vez o fixeches, bebas da túa copa. O feito de que neste caso sexa María a encargada de lelos pode dar por suposto que os enunciados están dirixidos a homes. Non comprometen a ningún sexo en particular, así que o motivo pode ser a diferenza asimétrica de participantes, para darlle máis visibilidade a María, ou simplemente por ser dun sexo diferente e por iso un membro “distinto”. Ó estar enunciado en primeira persoa aparece o pronome “yo” como centro déctico. É unha manifestación da construción da autoimaxe. O relevante é que ese “yo” desdóbrase en moitos suxeitos. Fala un “eu” imaxinario, que engloba moitos contextos socioculturais, xa que como indiquei antes, estes xogos tamén se dan noutros países cos mesmos enunciados. Isto implica unha remodelación total dos tabús entre a xuventude. Certas confidencias xa non pertencen á área máis íntima, senón que agora son un modo de romper o xeo. O feito de que todos os enunciados estean plantexados dende un “yo nunca” permite minimizar a confesión. “Nunca” non implica moitas veces, con que o fixeses unha vez xa non podes dicir “nunca”. Que estas confesións se fagan dende unha enunciación negativa é menos ameazante que se fosen afirmacións. A deíxe temporal que se evoca é tamén difusa. Co pretérito perfecto do castelán sinalamos feitos que ocorren dende o pasado ata o momento da enunciación, polo que os “infractores” poden situar a acción nun pasado afastado se non queren expoñer a súa imaxe por completo. Os enunciados en si tamén darían para moitas reflexións. Con todo, só sinalaremos que María amosa abraio e mesmo os sanciona as respostas dos seus interlocutores mediante o cualificativo de “muy chungos” (liña 27), intensificado co “bua”. Neste caso xa non se trata dun xogo sobre historias hipotéticas, senón que case todos confesaron que empregaban fotografías de mozas coñecidas, colgadas nas redes sociais, para excitarse, o cal ameaza ademais imaxe de terceiros.

4. Secuencia das dúbidas sobre a menstruación

```

01 Simón: pero qué cae?
02         en plan::=
03 Manu:  =sangre=
03 María: en plan::
04 Simón: sí pero en plan
05         rollo::
06         escorrega por la pierna?
07         escorrega
08         cómo se dice eso en español?
09 Manu:  escorrega?
10         resbala
11 María: escurre
12 Simón: por la pierna o en plan así a chorro de meo?
13 Manu:  joder es en plan::
14 Isma:  por la pierna joder::
15 Simón: {[ac]yo qué sé]
16         no me suele pasar
17 Manu:  cuando una pava se mea en plan
18         {[dc]un poquito pues le va por la pierna}
19 María: a ver básicamente es como::
20 Simón: y en la ducha igual?
21         es en plan
22         te estás enjabonando y estás chorreando?↓
23 Isma:  sí
24         nunca viste (xx)?=

```

25 María: tampoco es constante→
 26 Pedro: pero con el agua se corta no?
 27 María: na' eso son mitos de abuelas
 28 Simón: entonces no-
 29 en veranos no se te corta con el agua?
 30 María: no
 31 antiguamente te decían que no te podías duchar
 32 porque se te cortaba la regla
 33 y eso es mentira

Esta secuencia pareceume relevante dende o punto de vista da construción das relacións interpersoais no tratamento dunha cuestión fortemente diferenciadora na socialización dos sexos. Todos os homes teñen irmás, ou mozas, ex parellas, nais, amigas etc., e todos pasaron por unha institución educativa española onde o tema da menstruación debería tratarse a fondo nalgún curso. Porén, ningún dos seis homes sabía en realidade de que se trataba a menstruación, cando é un fenómeno natural que afecta á metade da poboación. Simón comeza preguntando que é o que “cae” (liña 1). Manu resólvelle esa dúbida respondéndolle na liña 3 que cae sangue. Simón afina a súa dúbida cuestionando nas liñas 6 e 7 se “escorrega”. Esta microalternancia de código axudou a Simón a expresarse pois non lembraba o verbo en castelán. Por como o pregunta na liña 8 cómo se dice eso en español? dá a sensación de que non é un verbo que empregue moito nesta lingua malia falar en castelán, polo menos neste evento comunicativo. Non sabemos que lingua emprega habitualmente. María e Manu axúdanlle nas liñas 10 e 11 con sinónimos, para que Tomás e Pedro poidan entender a pregunta (son os únicos participantes que non son galegos). As dúbidas de Simón reflicten unha concisión que leva a pensar que non son dúbidas do momento, senón algo que se cuestiona con frecuencia por la pierna o en plan así a chorro de meo? (liña 12). Manu responde dun xeito que dá a entender a Simón que a súa dúbida é absurda (liña 13), e Simón escúsase sarcásticamente dicindo no me suele pasar (liña 16). Á súa vez, Isma na liña 14 tamén lle respondeu a Simón coma se a súa dúbida fose moi básica. Neste caso tanto Manu coma Isma están aproveitando a vulnerabilidade de Simón ó amosar descoñecemento sobre un tema para amosar os seus coñecementos. O paradoxo é que ambos responden mal ó afirmar que a menstruación “escorrega” polas pernas (liña 18). María aínda non puidera responderlle a Simón, pois Manu e Isma responderon por ela, así que o intenta na liña 19, pero Simón deu por válida a resposta dos seus dous amigos e formula unha nova y en la ducha igual? (liña 20). E pregunta de novo se “chorrea” (liña 22). Isma afirma (liña 23) e María nega (liña 25). Pedro tamén se suma ás dúbidas na liña 26 pero con el agua se corta no?, ó que María responde que se trata dun mito “de abuelas” (liña 27). Simón pregunta en veranos no se te corta con el agua? (liña 29), dando a entender con esa pregunta enunciada dun xeito negativo que era o que pensaba que acontecía. María explícalle nas liñas 30-33 a orixe desa crenza popular.

Chama a atención que seis mozos, todos con máis de vinte anos, non tivesen resoltas estas dúbidas. Non podemos comprender as razóns polas que nunca lle preguntaron sobre estes temas ás mulleres coas que teñen relacións estreitas. Escoller a María para preguntar sobre algo tan común pero á vez tan “íntimo” pode deberse a que, ó ser unha descoñecida (para a maioría), a presión ou a vergoña eran menores. O feito de ser moitos homes e unha soa muller parece un ambiente propicio para amosar descoñecemento xa que puido darlles sensación de sentirse arroupados entre eles. Outra das causas pode ser que, para eles, falar da menstruación é un subxénero feminino. Finalmente, o estilo conversacional de María permitiulle a esta penetrar nas súas conversas e participar, en certo modo, como un deles, polo que, aínda

sabendo que é unha muller, puideron notala máis accesible ou próxima e, en definitiva, como unha boa opción para despexar ese tipo de dúbidas.

5. Reflexións sobre o estilo conversacional de pandilla

Como xa informei no apartado 2, estas conclusións inclúen tamén aquelas secuencias que non se reproduciron neste traballo por cuestións de extensión.

En primeiro lugar, os temas tratados atópanse estreitamente ligados ás metas discursivas. Todas as situacións comunicativas son charlas de ocio e os xéneros discursivos máis recorrentes son a fala humorística, a fala sobre sexo e o ritual de insultos. A meta das interaccións foi crear camaradaxe e buscar o riso para manter un ambiente no que todos estivesen cómodos. O feito de que en realidade se trate de dúas pandillas reunidas nun mesmo espazo, con Manu como nexo común entre todos os participantes, axudounos a sentirse nunha esfera máis íntima dende o inicio, malia non coñecer ós demais. María, como membro máis afastado ó non pertencer a ningún núcleo de amizade, e máis aínda sendo muller dentro dun espazo prototipicamente masculino, tampouco amosou problemas á hora de participar nas conversas.

A distribución dos turnos levouse a cabo mediante autoselección e os temas engarzáronse uns cos outros dun xeito concatenado mediante o fío conector do humor, case sempre transgresor. En canto ós estilos participativos, só chama a atención un dos mozos, Pedro, xa que ó posuír un perfil infractor máis baixo, que non se correspondía co nivel de transgresión das conversas, adoptou un rol periférico. Por outra banda, o resto de interlocutores amosaron actitudes antinormativas e roles activos.

O estilo conversacional de pandilla caracterízase por un gran dinamismo conversacional no que apenas hai silencios. A alta participación xera un elevado ritmo de fala, cuxa finalidade é manter certo grao de exaltación. É posible que este sexa o trazo máis representativo. Os falantes non empregaron formas léxicas propias de cada pandilla particular que fosen alleas para os demais. Todos guiaron a súa produción discursiva seleccionando un estilo xuvenil neutro, facendo referencia a películas moi coñecidas ou despregando secuencias sobre o sexo ou con chistes ou bromas sexistas. En todo momento buscou a afiliación e aprobación dos membros do grupo por medio da activación de marcos interpretativos accesibles para todos e creando unha identidade común.

As estratexias de cortesía neste tipo de comunidades de fala son inversas ás socialmente aceptadas. Dirixir insultos cara un membro do grupo implica complicidade; é máis, a ausencia de transgresións sería unha barreira que sinalaría distanciamento. Canto máis transgresións, máis estreito é o vínculo.

En canto ás especificidades da fala xuvenil respecto da fala coloquial xeral e a importancia do léxico empregado, o certo é que podemos atopar estranxeirismos (*light, swag*) e sobre todo expresións vencelladas coas redes sociais (*like, hater*); porén, é precisamente o vocabulario o primeiro punto no que decote se repara cando se reflexiona sobre a fala xuvenil, e non parece precisamente o máis característico dela. As expresións coloquiais ou os acurtamentos tamén forman parte do estilo coloquial xeral, e hoxe en día coa ampla difusión das redes sociais non sería atinado afirmar que só a xuventude emprega estranxeirismos e mesmo expresións baseadas neste mundo dixital. Entón, a especificidade da fala xuvenil atópase sobre todo na

alta dinámica estilística da produción da mesma. Caracterízase polos constantes xogos de palabras, a frecuente construción de narracións hipotéticas, case sempre incongruentes, e os xogos de voz, así como polo emprego dos tabús sociais como tema de conversación.

Sobre os estilos conversacionais, baseándonos nas normas socioculturais do que é ser “conversacionalmente home” e “conversacionalmente muller”, todos os interlocutores masculinos amosan estilos prototípicamente masculinos, isto é, unha produción transgresora e competitiva, en constante procura da reafirmación do estatus dentro do grupo. Pola contra, María amosa unha feminidade transgresora (Acuña Ferreira, 2012), pois o seu discurso non se amolda ó estereotipo da fala de mulleres, caracterizado por un comportamento cortés e un estilo delicado, pouco directo e nada transgresor.

A flexibilidade á hora de empregar diversos estilos discursivos é un modo de lograr unha comunicación exitosa, xa que o falante pode adaptarse ó contexto conversacional da comunidade de fala en cuestión (neste caso, a pandilla). Podemos pensar que María adoptou o estilo conversacional dos demais membros do grupo, pero non sabemos se este estilo tamén o emprega coas súas amigas. En todo caso, cada vez con máis frecuencia, os repertorios estilísticos (polo menos femininos) posúen unha maior hibridación.

Á luz das dúas secuencias escollidas, e como futuras liñas de investigación, sería interesante estudar cales son as actuais similitudes e diferenzas entre o humor feminino e o masculino, ou que acontecería nun contexto asimétrico coma o analizado, pero onde houbera un maior número de mulleres que de homes. Este novo escenario comunicativo fornecéranos novos datos sobre a hibridación do repertorio estilístico masculino.

Bibliografía

- Acuña Ferreira, A. V. (2002/2003). “Gendered emotive displays in complaint discourse”. *Estudios de Sociolingüística*, 3(2) y 4(1), pp. 139–172.
- Acuña Ferreira, A. V. (2012). “The humorous display of transgressor femininities: ‘sharing a laugh’ in Spanish/Galician friendly talk among young women”. *Sociolinguistic Studies*, vol. 6, núm. 1, pp. 121–147.
- Briz Gómez, A. (2011). *El español coloquial en la conversación*. Esbozo de pragmatogramática. Barcelona: Ariel (1ª edición, 1998).
- Calsamiglia Blancafort, H. y A. Tusón Valls (2001). *Las cosas del decir. Manual de análisis del discurso*. Barcelona: Editorial Ariel (1ª edición, 1999).
- Gumperz, J. (1982). *Discourse strategies*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Hernández Alonso, C. (1991): “El lenguaje coloquial juvenil”, *AEPE*, núm. 38-39, Centro Virtual Cervantes, pp.11.
- Tusón Valls, A. (1997). *Análisis de la conversación*. Barcelona: Ariel.